

CONSENTIMENTO INFORMADO

A persoa asinante no recadro de sinaturas de cada dorsal, inscrito como participante na XIII TRAVESÍA ILLA DA CREBA 2026, o 29/08/2026 declaro que:

1. Recibín a información completa sobre as características do evento e lin o regulamento, polo que acepto as normas que o compoñen.

2. Estou nas perfectas condicións físicas e mentais para participar no evento, e non teño enfermidade ou limitación física que mo impida ou que poida desencadearse durante o seu desenvolvemento. Acepto que o seguro de accidentes da proba non se fará cargo de lesións e enfermidades con relación a unha diagnose previa.

3. Coñezo e acepto que a miña participación implica riscos para a miña integridade física e a de outros, o que inclúe: lesións, enfermidades, diminucións sensoriais, perda de partes do corpo, incapacidades permanentes, ou incluso a morte, e en ningún caso farei responsable á organización, máis alá do seguro contratado como rexe a normativa.

4. Entendo que, debido as condicións nas que se desenvolve o evento e a súa ubicación xeográfica, pode verse afectado por situacións adversas como climatoloxía, desastres naturais, os cales poderían comportar prexuízos para min, asumindo que a organización poida levar a cabo a modificación, a suspensión, e incluso da anulación do evento.

5. Coñezo e acepto que os riscos da participación no evento non poden ser totalmente controlados, nin por min, nin pola organización, e asumo as consecuencias negativas que para min, ou para outros, poidan derivar da miña participación, sempre que a organización non actuase con mala fe, negligencia ou descuido inaceptable, atendidas as circunstancias.

6. Fun informado e acepto que, si teño un problema de saúde, a organización dará asistencia gratuita sobre o terreo, exclusivamente limitada a primeiros auxilios a cargo de personal sanitario, estabilización e traslado ao centro de saúde ou hospital máis próximo segundo convenio do seguro. Isto exclúe aquelas intervencións, persoal médicos especialista, tratamentos e medicinas que non contemple o seguro de accidentes da proba.

7. Coñezo e acepto que a miña participación implica risco de soportar ou causar danos materiais, o que inclúe, pero non se limita a: danos a vehículos ou material propios ou de outros, averías, ou perda total do material.

8. No caso de que, baixo a miña tutela, participe un menor de idade, as asuncións e declaracións deste documento inclúen ao menor.

9. Autorizo a Organización para que utilice no meu nome a imaxe para realizar actos de promoción ou difusión del Evento.

DON/A.....

CON DNI

*NOTA: ver recadros de sinatura personalizados.

Esteiro a 29 AGOSTO de 2026